

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2019

(supletoria da correspondente ao día 19 de decembro de 2019)

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogos do PP

Rogos do PP

1º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Á vista dos problemas provocados nos plenos ordinarios dos pasados meses de outubro e novembro, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que as mocións que presenten os diferentes grupos políticos en tempo e forma sexan debatidas, como mocións non urxentes e, polo tanto, sexan incluídas na orde do día de cada pleno como tales, sen que proceda xustificar nin votar a urxencia que non ten sido requirida polos seus autores nin ten que atribuírselle tal carácter por quen non é o seu autor nin o seu propoñente, ao non tratarse de mocións urxentes, pasando directamente ao seu debate e votación.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, do PSdeG-PSOE, contesta que non se atende o rogo en tanto non se trate na xunta de voceiros coa presenza da secretaria xeral.

2º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Tralo atropelo á liberdade de expresión que supuxo a prohibición de ler en sede plenaria dúas mocións e un rogo presentados polo Grupo Municipal Popular, dende este interésase que as dúas mocións prohibidas e censuradas polo señor alcalde, sexan lidas e debatidas no próximo pleno ordinario a celebrar o día 19 de decembro de 2019.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, do PSdeG-PSOE, contesta no mesmo sentido que no rogo anterior, que non se atende o rogo en tanto non se trate na xunta de voceiros coa presenza da secretaria xeral.

Don Juan María Abalo Castex pregunta pola terceira moción que presentaron para o pleno ordinario.

O señor alcalde contesta que, como saben, ten a opción de cualificala como rogo, moción ou tratala de urxencia.

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Achegándose as festas do Nadal, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente en Desenvolvemento Socioeconómico cales son as medidas adoptadas dende a súa concellería para o apoio ao pequeno e mediano comercio do noso municipio en datas tan sinaladas.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que o primeiro foi ter unha toma de contacto cos hostaleiros e servizos en xeral sobre o que se tiña feito en anos anteriores, e despois fíxose valoración da enquisa realizada entre os comerciantes.

Di que hai un proxecto de Nadal que empezará no 2020. Este ano seguirase coa estratexia de anos anteriores, co “Rasca e gaña”, que ten máis premios en metálico, quítanse as cestas de Nadal, que era algo que querían os comerciantes, e van retomar o concurso de escaparates de Nadal. Seguen co tema da dinamización na rúa e, como xa dixo, o vindeiro ano farán un novo proxecto.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Tras ter sido obxecto de interese por este grupo municipal o pasado mes de novembro a situación na que se atopaba o acordo plenario para denunciar ao partido político Alternativa dos Veciños por supostas ofensas ao noso concello, nos últimos días temos visto como os medios de comunicación salientan como Cambre “contrata avogado para demandar a Alternativa polas críticas ao Graxal”.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao Goberno municipal pola situación na que se atopa a dita contratación.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que hoxe termina o prazo para que as empresas presenten as ofertas.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Dende o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente se informe sobre os procedementos xudiciais abertos nos que a día de hoxe o noso concello sexa parte, tanto como demandante ou demandado, como denunciante o denunciado.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que en Réxime Interior hai 3 e en Urbanismo hai 5, e engade que, se lles interesa algún dos expedientes en concreto, deixaranlles a documentación.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP

1º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Teñen sido numerosas as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se ten interesado polo estado no que se atopan as marquesiñas da parada de bus existentes no noso municipio, entre elas a de maiores proporcións, como a da denominada “Casa das Palmeiras” no Temple.

Tal e como se observa das fotografías que se achegan con este rogo, o estado no que se atopa é defectuoso, faltan varios dos paneis superiores do teito da marquesiña; alí onde hai paneis superiores a sucidade apíñase nas lousas de cristal; os cristais da marquesiña teñen sido pintados en varias ocasións; etc.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interesa pola concelleira competente se adopten as medidas oportunas para resolver os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, manifesta que teñen un grave problema de vandalismo, xa que repetidamente están a romper os paneis. Fíxose unha memoria para sacala a contratación.

Engade que en colaboración coa Policía local tense comprobado que hai unha serie de puntos negros, sobre todo as noites dos fins de semana. É algo que non pasa só no Temple, senón en máis sitios.

Don Juan María Abalo Castex agradece que a concelleira diga que hai problemas de vandalismo, porque houbo anos en que iso non se recoñecía.

Dona Elisa Pestonit Barreiros explica que se teñen reunido coa Policía e coa Garda Civil, e non só fan a rolda habitual, senón que pasan pola zona máis a miúdo. Pero di que é un problema que se traslada, que non se acaba, porque os rapaces vén á Policía e marchan, pero despois van para outro lado a facer o mesmo.

2º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días vimos como o muro existente entre a parada de transporte público da Casa das Palmeiras e a pista do xogo da chave no Temple, á altura da entrada á autoestrada, atópase derrubado, sen coñecer o motivo de tal derrubamento, tendo sido sinalizado o lugar con cinta da utilizada pola Policía local, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite pola concelleira competente, que se informe sobre o ocorrido e se adopten as medidas oportunas para a súa reparación á maior brevidade posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que foi debido a unhas obras que fixo a Edar Bens no bombeo do Temple o día 26, concretamente un camiión da Edar que deu marcha atrás, pero xa lles dixeron que o cubrirá o seguro do camiión. Pasarano a Servizos a próxima semana.

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Á vista dos problemas advertidos nos últimos meses nas obras que se están realizando na Barcala e que xa foron obxecto de interese en sesións anteriores, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente sobre as xestións realizadas e o estado no que se atopan, a día de hoxe, as obras que se están levando a cabo na cambresa urbanización da Barcala.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, manifesta que cre que se contestou a este tema co programa que se fixo no seu momento. A finalización das obras estaba prevista para xaneiro. En principio non houbo un tema destacable, agás que segue a chover, porque o proceso de impermeabilización mentres chova non se pode asfaltar.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nas últimas comisións informativas interesouse por este grupo municipal que se adoptaran, á maior brevidade posible, as medidas oportunas para a retirada dun animal disecado localizado nun terreo ao ar libre, situado en torno aos números 2 e 4 da Pena da Nosa Señora, poñendo o feito en coñecemento do Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA), da Garda Civil.

Recollido o rogo pola concelleira competente, o certo e verdade é que un mes despois o animal continúa no mesmo lugar, tendo sido levantado e afianzado con pedras en varias ocasións tras ter sido derrubado polo vento, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Ante a evidencia de que o dito lugar non é o máis apropiado para a permanencia dun animal disecado e que motivos de sanidade e salubridade seguen recomendando a súa retirada, máxime un mes despois do aviso, dende o Grupo Municipal Popular se interesa informe sobre as xestións levadas a cabo para a retirada do mencionado animal conforme ao xa interesado, así como os resultados do oficio ao SEPRONA da Garda Civil.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que o venres tivo unha conversación co tenente da Garda Civil e tamén vai haber un informe do Seprona. En canto teña os dous informes, que agarda sexa a vindeira semana, remitirállelos.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos meses vimos como dende a Concellería de Urbanismo se adoptaban unha serie de medidas respecto da situación existente no Pazo de Brexo, na que se chegou a acordar o precintado do mencionado pazo, multa económica, así como o corte da subministración de auga e da subministración eléctrica das súas instalacións, ao parecer ante o incumprimento da orde de cesamento das actividades pola empresa explotadora, ao carecer esta, supostamente, da pertinente licenza municipal.

Transcorridos varios meses dende a adopción das ditas medidas, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Urbanismo sobre a situación existente respecto do mencionado pazo, tanto dende o punto de vista administrativo como xudicial.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Réxime Interior, contesta que a nome do Pazo de Brexo non hai nada, é a nome de Josmaga. En canto ao incumprimento, hai unha resolución, e mentres non se demostre o contrario é por incumprimento.

Respecto do pazo e a súa falta de licenza, di que hai que concretar que haxa falta de licenza. Hai un expediente disciplinario de reposición da legalidade sen licenza e un sancionador, e a empresa Josmaga presentou un recurso contencioso-administrativo. Conclúe dicindo que lles pide que lean o informe de Patrimonio, da Xunta, que é moi interesante.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Neste mes de decembro temos asistido á recuperación do cruceiro de San Paio de Brexo, que tras pasar varios meses de restauración despois do accidente de tráfico que o esnaquizou, ten sido recolocado na súa orixinal localización.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro de Cultura sobre o custo da restauración do dito cruceiro e ente pagador dela.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, explica que é un tema que se levou dende Patrimonio. Houbo un accidente lamentable, un coche deu contra o cruceiro e rompeu as dúas bases. Acudiu a Policía, fixo un parte e a aseguradora fíxose cargo de acordo cunha valoración de danos que se mandou facer.

Di que despois houbo que facer unha memoria cos traballos de restauración para enviala a Patrimonio, na Xunta. Cando se recibiu o informe favorable foi cando se reparou. O importe que xa pagou a aseguradora é de 3.830 euros sen IVE.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Na pasada lexislatura, dende o grupo de goberno instouse á recolocación da biblioteca central de Cambre dende a súa actual localización cara a un local de titularidade privada situando entorno á Vota das Carrozas. Proxecto que xerou unha serie de trámites, estudos, xestións e similares precedidos da oportuna reserva orzamentaria para levala a cabo.

Proxecto que foi definitivamente rexeitado, pero que xerou unha serie de gastos que, por lóxica, non cubriu a reserva orzamentaria prevista inicialmente. De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente a canto ascenderon os gastos totais xerados polo dito expediente e cal foi o destino do resto da partida orzamentaria inicialmente reservada para tal operación.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, manifesta que esta pregunta xa foi contestada en parte cun escrito que lles foi remitido. A cantidade foi de 2.178 euros, que foi o que custou a contratación do anteproxecto. Iso pagouse, e o resto destinouse á Casa da Cultura, ao local social de Sigrás e ao local social de Meixigo.